

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **BAIONA**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

#### *ORDEANZA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN SOCIAL*

O Pleno desta Corporación en sesión de data 25 de febreiro de 2019 prestou aprobación inicial á Ordenanza Municipal de Prevención de Situacións de Exclusión Social do Concello de Baiona e, sometida a período de exposición pública polo prazo de trinta días contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio no BOP de Pontevedra núm. 54 de data 18/03/2019 e ata o 03/05/2019, non consta no expediente ningunha alegación. E por isto que, consonte ó artigo 49 da Lei 7/85 do 2 de abril, das bases de réxime Local, o acordo provisional elévase a definitivo.

Contra este acordo poderá interperse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte a súa publicación no BOP.

#### **ORDENANZA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE BAIONA**

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

I. De acordo co Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social» (Art. 25.2.e LRBRL).

As atribucións competenciais do Concello de Baiona para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II. Os servizos sociais comunitarios básicos traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter puntual e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

## *TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS*

### *ARTIGO 1. OBXECTO*

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

### *ARTIGO 2. RÉXIME XURÍDICO*

A concesión de axudas e de prestacións coa denominación de intervencións de prevención do risco de exclusión social, rexeráse directamente polo disposto na presente Ordenanza, e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento, así como na Ordenanza Municipal Xeral de Subvencións no que sexa de aplicación.

### *ARTIGO 3. FINALIDADE DAS AXUDAS*

3.1. A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carezan de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

3.2. Están dirixidas a persoas individuais ou unidades de convivencia que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, constituíndo sempre e en calquera caso un apoio ó acceso destas persoas a un itinerario de actuación, actual ou futuro, para integrar ás persoas ou unidades de convivencia, e mellorar as condicións que orixinaron a situación de risco.

3.3. Estas intervencións de prevención de risco de exclusión terán en todo caso natureza de finalidade, de carácter urxente, debendo tramitarse á maior brevidade posible e debendo destinarse unicamente ó obxecto para o que foran concedidas, baixo a responsabilidade da persoa solicitante e a supervisión dos Servizos Sociais Comunitarios a través do seu equipo técnico correspondente (traballadoras sociais e educadora familiar).

3.4. Serán intransferibles e, polo tanto, non poderán:

a) Ofrecerse en garantía de obrigas.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

b) Ser obxecto de cesión total ou parcial, cambio ou comercio de ningún tipo.

c) Ser obxecto de retención ou embargo, salvo que por disposición legal ou xudicial sexa obrigatorio.

3.5. As intervencións para previr situacións de exclusión social terán natureza subvencionable, e a súa concesión estará suxeita á existencia de crédito para esa finalidade no Orzamento xeral do Concello de Baiona, na partida habilitada a tal fin.

#### *ARTIGO 4. CRITERIOS XERAIS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS*

Para a concesión de axudas económicas deberán cumprirse os seguintes requisitos xerais:

a) Que concorran situacións acreditadas de necesidade extraordinaria.

b) Que dita carencia extraordinaria estea valorada polo persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios, a través do seu informe.

c) Que a necesidade de emerxencia non poida ser emendada nin atendida mediante as prestacións económicas individualizadas, RISGA ou outras de carácter periódico ou non periódico, e que, con carácter temporal, sexan necesarios outros paliativos para evitar a exclusión ou perda de calidade de vida de difícil recuperación.

d) Que a concesión das axudas xere maior nivel de autonomía nas persoas ou unidades de convivencia beneficiarias, de cara a desenvolver a súa vida ordinaria, e para que leve consigo unha mellora na eliminación da precariedade e eviten a exclusión social destas persoas.

#### *ARTIGO 5. INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS*

5.1. As axudas previstas na presente Ordenanza son compatibles con calquera outra das concedidas por outras administracións, tendo, en todo caso, carácter complementario a elas.

5.2. Non se concederán axudas destinadas á amortización de débedas contraídas con esta ou outras Administracións Públicas, nin para o pagamento de servizos prestados por estas, ou que puideran selo.

5.3. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a persoa ou unidade beneficiaria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvención poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

**ARTIGO 6. DEFINICIÓN DAS PRESTACIÓNS QUE ATENDERÁN AS AXUDAS DE EMERXENCIA**

6.1. Estas medidas de intervención irán dirixidas a atender gastos específicos, de carácter ordinario ou extraordinario, necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de exclusión social, conforme se relacionan nos artigos 9 e 10 deste regulamento.

6.2. Con carácter xeral, os recursos tramitaranse para atender un máximo de dous conceptos no período dun ano. Non obstante, previa valoración do equipo técnico dos Servizos Sociais, poderán concederse axudas por varios conceptos no mesmo período, sen que as axudas dun concepto ou máis supere na súa contía global unha anualidade do salario mínimo interprofesional do ano en curso da solicitude (SMI).

**TÍTULO II. PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS****ARTIGO 7. PERSOAS BENEFICIARIAS**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas ou unidades de convivencia que, cumprindo os requisitos establecidos na presente ordenanza, dispoñan da súa residencia efectiva e constatada polo equipo técnico e empadramento no municipio de Baiona, cunha antigüidade mínima de seis meses.

Para os efectos desta convocatoria computaranse como membros da unidade de convivencia tódalas persoas que convivan no mesmo domicilio, exista ou non relación de parentesco.

**ARTIGO 8. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

As persoas solicitantes das axudas deben cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.
- b) Estar empadroadada e residir de maneira efectiva no Concello de Baiona cunha antelación mínima de seis meses á data da solicitude.
- c) Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada. Acreditar a situación de carencia da forma requirida polo persoal técnico municipal en tempo e forma, e colaborar con el para facilitar esta acreditación.

A este respecto, tal como recolle a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, considérase que se dispón de recursos suficientes cando a unidade de convivencia conte con recursos dinerarios depositados en contas bancarias dunha cantidade líquida igual ou superior a 4 mensualidades do IPREM (2.151,36 € para o ano 2018).

Non terán a consideración de ingresos as axudas de emerxencia social percibidas no último ano nin as axudas de transporte derivadas de cursos de formación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 9D5DML7DIBBPLZ5



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

d) Todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos, así como os maiores de 16 anos que non estean cursando estudos oficiais, deberán aceptar expresamente as condicións establecidas no itinerario de intervención social deseñado para cada un deles.

Este itinerario de intervención, poderá estar vinculado ó ámbito educativo, laboral, sanitario, familiar, ou calquera outro valorado polo persoal técnico do servizo. No caso de que o itinerario sexa do ámbito sanitario, o equipo técnico indicará a obrigatoriedade da tramitación do recoñecemento de discapacidade.

e) As persoas en situación de desemprego deberán estar inscritas como demandantes de emprego na oficina do SEPE, antigo INEM. As persoas menores con idades comprendidas entre os 16 e 18 anos, ou maiores de idade que estean cursando estudos oficiais quedarán eximidos deste requisito, previa xustificación documental desta situación.

f) A persoa solicitante deberá achegar declaración responsable de ter ou non ter solicitado e/ou recibido outra axuda de natureza análoga polo mesmo concepto doutras administracións ou entidades de iniciativa social.

g) Que a suma dos valores catastrais dos inmobles da súa propiedade, de tódolos convivintes, excluindo a vivenda habitual, non exceda de 50.000 €.

h) Que a renda mensual neta da unidade de convivencia dos últimos 12 meses se atope dentro dos límites establecidos no baremo económico. Este baremo económico ten en conta os ingresos e número de convivintes. Para un membro na unidade de convivencia a contía establecida será a contía mensual do IPREM do ano en curso. Os complementos familiares comezarán cun incremento dun 25% por un membro adicional na unidade de convivencia que se reducirá paulatinamente (20%, 19%, 18%, 17%, 16%, 15%, 14%). A partir do 9º membro e sucesivos o incremento será dun 14%.

<i>Nº de membros na unidade de convivencia</i>	<i>Contía</i>
1	contía mensual do IPREM
2	porcentaxe de incremento 25%
3	porcentaxe de incremento 20%
4	porcentaxe de incremento 19%
5	porcentaxe de incremento 18%
6	porcentaxe de incremento 17%
7	porcentaxe de incremento 16%
8	porcentaxe de incremento 15%
9 e sucesivos	porcentaxe de incremento 14%

Para o cómputo final da capacidade económica, descontarase o coste do aluguer ou hipoteca da vivenda habitual, ata un máximo de 300 € mensuais.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

*NON SE PODERÁ ACCEDER A ESTAS AXUDAS MUNICIPAIS:*

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.)

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

d) Cando, no caso de ser usuario do servizo con unha intervención vixente, o persoal técnico valore una evolución negativa pola súa parte respecto ós obxectivos da mesma.

e) Cando non cumprira cun anterior proxecto de intervención elaborado para ser beneficiario destas axudas.

f) Cando os solicitantes ou algún membro da unidade de convivencia teña débedas co Concello de Baiona, agás o subministro básico de auga municipal.

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de persoa beneficiaria.

*TÍTULO III. GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍAS MÁXIMAS**ART. 9. GASTOS CORRENTES**1. ALIMENTACIÓN*

Axudas destinadas á compra de alimentos perecedoiros como complemento ás achegas entregadas por entidades de iniciativa social que realice reparto de alimentos ó longo do ano.

Así mesmo, poderán solicitarse alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo (celíacos, diabéticos, etc...).

No relativo ós gastos de alimentación só se admitirá o gasto en produtos de primeira necesidade; é dicir: cereais, lácteos, peixe, carne, legumes, verduras, froita. Non se admitirá o gasto en bebidas de ningún tipo, sexan ou non alcohólicas, chocolates, doces, así como produtos que non sexan considerados como básicos, agás excepcións debidamente xustificadas. O detalle dos produtos que serán obxecto da axuda virá sinalado nas instrucións que ó respecto se sinalen polo departamento de servizos sociais.

Aprobaranse un máximo de dous meses de apoio consecutivos para alimentación, sempre vinculados ó informe social ou ó informe sociofamiliar, onde se avalíe a gravidade da situación e a idoneidade da acción concreta.

Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

A contía máxima anual a conceder por este concepto ascenderá ó importe do SMI mensual vixente.

## 2. PAGAMENTO DE PRODUTOS DE HIXIENE E LIMPEZA

Destinados á compra de produtos básicos de uso común para a limpeza da vivenda (lixivia, deterxente para lavalouza e outros) e de produtos de aseo persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina, etc.). Non se admitirá o gasto en colonias, perfumes.

O detalle dos produtos que serán obxecto da axuda virá sinalado nas instrucións que ó respecto se sinalen polo departamento de servizos sociais.

Aprobaranse un máximo de dous meses de apoio consecutivos para hixiene e limpeza, sempre vinculados ó informe social ou ó informe sociofamiliar, onde se avalíe a gravidade da situación e a idoneidade da acción concreta.

A contía máxima anual a conceder para este concepto ascenderá ó importe do 50 % do SMI mensual vixente.

## 3. USO DA VIVENDA

Destinadas a posibilitar que se continúe habitando a vivenda habitual.

a) Axudas para o pagamento de débedas de alugueiro que impidan o desafiuzamento.

Para poder beneficiarse destas axudas debe aportarse o contrato de arrendamento da vivenda e a documentación acreditativa da débeda contraída polo non pagamento.

b) Axudas para o pago de hipoteca.

Para poder beneficiarse destas axudas debe aportarse a documentación bancaria acreditativa das mensualidades non aboadas en prazo.

c) Axuda á procura de vivenda en aluguer.

Para casos de desafiuzamento, por extinción de contrato ou calquera outra medida legal que supoña que a persoa solicitante vai ser desaloxada nun período breve de tempo, con grave risco de exclusión social. Esta axuda será incompatible coa do apartado a) deste mesmo punto, dentro do mesmo ano.

Nos tres supostos, a contía anual da axuda será como máximo polo valor de dúas mensualidades, sen que poida superar o importe de 450 € ó mes.

## 4. PAGAMENTO DE RECIBOS

Destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibo de electricidade, gas, gasóleo ou auga. Non se admitirá o gasto do teléfono, xa sexa fixo ou móbil.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

A persoa solicitante deberá acreditar o non pagamento de ditos recibos presentando a notificación de débedas ou de suspensión do servizo por non pagamento.

Cubriranse un máximo de dous recibos de subministro ou unha cantidade máxima anual de 200 €, sempre que acredite ter solicitado tódalas axudas ou deducións para ese subministro dispoñibles noutras administracións (AUXs, ticket eléctrico, bono social, etc).

#### 5. PAGAMENTO DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS

Destinadas ó pago de produtos farmacéuticos prescritos por un facultativo especialista e/ou polos médicos de atención primaria. A axuda solicitada referirase á achega que deba facer a persoa usuaria por non estar cuberta polo SERGAS.

Deberá aportarse informe médico do SERGAS no que se constaten os problemas de saúde, folla de medicación activa así como orzamento dunha farmacia do coste que debe aportar a persoa solicitante.

A contía máxima anual a conceder para este concepto ascenderá ó importe do 50 % do SMI mensual vixente.

#### 6. PAGAMENTO DE DESPRAZAMENTOS

Destinadas ó pagamento de desprazamentos a recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio concello cando sexan debidos a tratamentos, xestións ou actividades que non poidan ser levadas a cabo dentro deste. Así mesmo, realizaranse pagos de desprazamentos dentro do propio concello cando estes sexan motivados polas xestións ou actividades relacionadas co programa de educación familiar, servizo de axuda no fogar, ou asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio concello.

A necesidade deberá acreditarse mediante xustificante do tratamento, xestión ou actividade que realice e non estar cubertas por outras administracións.

A contía máxima anual a conceder para este concepto ascenderá ó importe do 50 % do SMI mensual vixente.

#### 7. PAGAMENTO DE LENTES E AUDIÓFONOS

Axudas destinadas ó pagamento parcial ou total de audiófonos para aquelas persoas que teñan diagnosticado un déficit auditivo e teñan prescrita esta axuda técnica.

Así mesmo financiaráselle a compra de lentes a persoas cun déficit visual diagnosticado e que necesiten o seu uso.

En ambos casos deberá aportarse informe médico do SERGAS no que se constate esta necesidade; así como orzamento de dúas empresas distintas.





Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

Esta axuda poderá ser complementaria das Axudas de Inclusión Social da Xunta polo mesmo concepto sen que, en ningún caso, poida superar a contía total do gasto.

A contía máxima anual a conceder por este concepto ascenderá ó importe do SMI mensual vixente.

### *8. PAGAMENTO DE GASTOS DERIVADOS DE TRATAMENTOS DE ODONTOLOXÍA*

Axudas destinadas ó pagamento parcial ou total de tratamentos odontolóxicos non financiados polo SERGAS.

Deberá aportarse informe médico do SERGAS no que se constate esta necesidade; así como orzamento de dúas empresas distintas.

Esta axuda poderá ser complementaria das Axudas de Inclusión Social da Xunta polo mesmo concepto sen que, en ningún caso, poida superar a contía total do gasto.

A contía máxima anual a conceder por este concepto ascenderá ó importe do SMI mensual vixente.

### *9. AXUDAS DE APOIO Á INFANCIA*

No caso de menores de idade poderáselle facer fronte a gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados que posibiliten a continuidade do menor no seu medio familiar. Estes gastos deberán incidir directamente na calidade de vida dos menores e ir acompañados do correspondente informe social ou do informe sociofamiliar que xustifique a súa necesidade.

A contía máxima anual a conceder por este concepto ascenderá ó importe do SMI mensual vixente.

### *10. GASTOS PERSOAIS*

Para calquera outra situación sobrevida e urxente non incluída nos apartados anteriores será requisito imprescindible a valoración conxunta da idoneidade por parte do equipo técnico dos Servizos Sociais.

A contía máxima anual a conceder por este concepto ascenderá ó importe do SMI mensual vixente.

## *ART. 10. GASTOS DE INVESTIMENTOS*

### *1. ADQUISICIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS BÁSICOS*

Axudas destinadas á compra de electrodomésticos básicos que contribúan a favorecer a inclusión social das persoas máis desfavorecidas.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

O detalle dos produtos que serán obxecto da axuda virá sinalado nas instrucións que ó respecto se sinalen polo departamento de servizos sociais.

A persoa solicitante deberá presentar orzamento de dúas empresas distintas.

A contía máxima anual a conceder por este concepto ascenderá ó importe do SMI mensual vixente.

## 2. HABITABILIDADE BÁSICA DA VIVENDA

Axudas para o acondicionamento e habitabilidade básica da vivenda única e habitual, destinada a persoas con mobilidade reducida ou que sirva para proporcionar niveis mínimos de habitabilidade por cuestións vitais.

Neste caso, a persoa solicitante deberá achegar dous orzamentos da obra correspondente ó custo de adaptación da vivenda, así como a documentación acreditativa de que esta ten o carácter de vivenda única e habitual, que é da súa propiedade, e que conta cos correspondentes permisos para realización da obra.

Esta axuda poderá ser complementaria doutras concedidas por diferentes administracións sen que, en ningún caso, poida superar a contía total do gasto.

O importe máximo anual a conceder será igual ó 200% do SMI mensual vixente.

## 3. PAGAMENTO DE PRODUTOS DE APOIO SANITARIO

Axuda destinada ó pagamento de produtos de apoio básicos, non financiados polo SERGAS, para persoas con algunha discapacidade ou dependencia que non lle poidan facer fronte ó gasto por si mesmas.

Enténdese por produto de apoio aquel dispoñible no mercado ou fabricado especialmente para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación.

O detalle dos produtos que serán obxecto da axuda virá sinalado nas instrucións que ó respecto se sinalen polo departamento de servizos sociais.

A persoa solicitante deberá presentar informe médico do Sergas no que conste a necesidade do produto de apoio e orzamento de dúas empresas distintas.

Esta axuda poderá ser complementaria doutras concedidas por diferentes administracións sen que, en ningún caso, poida superar a contía total do gasto.

A contía máxima anual a conceder por este concepto ascenderá ó importe do SMI mensual vixente.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

As axudas mencionadas anteriormente poderán concederse en forma de préstamo sempre e cando así se recolla no seu proxecto de intervención, así coma no informe social ou informe sociofamiliar, de tal xeito que a persoa deberá devolver a contía concedida nos prazos establecidos ó respecto, cos límites establecidos na resolución de concesión.

Calquera outro concepto non mencionado anteriormente que se valore necesario e urxente por parte dalgunha profesional do equipo técnico, deberá ser consensuado e valorado unanimemente como idóneo polas técnicas que integran o equipo, co visto bo da persoa coordinadora do servizo.

As axudas concedidas con cargo a este Programa terán carácter puntual e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos.

#### *TÍTULO IV. XESTIÓN DE PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS*

##### *ARTIGO 11. FORMA, PRAZO DE SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN*

As solicitudes se presentarán, en modelo oficial, no Rexistro Xeral do Concello de Baiona, de luns a venres, na sede electrónica do Concello (<http://baiona.sedelectronica.gal>) ou nos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de presentar a solicitude nunha oficina de Correos farase nun sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario correspondente.

Os expedientes poderán ser incoados de oficio, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen, e en prevención de situacións de irreversibilidade ou dano irrecuperable.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ó Concello para o tratamento automatizado de tódolos documentos contidos nela.

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto, con carácter xeral, do 15 de xaneiro ó 15 de novembro de cada ano en curso. A concesión das axudas en cada exercicio estará suxeita en todo caso á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

As solicitudes presentadas fora do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesa convocatoria.

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados (ANEXO I) indicando a contía e concepto solicitado. Este formulario, debidamente cuberto, deberá ser asinado por un membro responsable da unidade de convivencia. Ditos modelos se facilitarán no Concello de Baiona, no departamento de servizos sociais, ou na páxina web do Concello: [www.baiona.org](http://www.baiona.org). Ademais, se achegará a seguinte documentación:

Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

- 1.—Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante e do cónxuxe ou parella.
- 2.—Fotocopia do libro de familia e título de familia numerosa, de ser o caso. Nos casos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial deberase achegar copia da sentenza e convenio regulador.
- 3.—No caso de existencia de relacións permanentes análogas á conxugal, esta será acreditada en calquera das seguintes formas:
  - a) Mediante certificación do Rexistro de Parellas de Feito do Rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de ruptura da unión de feito deberase presentar certificado do rexistro correspondente acreditando a cancelación da inscrición da devandita unión.
  - b) Nos casos de mera convivencia de feito sen inscrición rexistral, a citada convivencia será acreditada mediante declaración responsable das persoas integrantes da parella ou, no seu caso, informe de convivencia efectiva realizado pola Policía Local.
- 4.—Fotocopia da discapacidade / dependencia.
- 5.—Fotocopia dos xustificantes de ingresos da unidade de convivencia referidos ós últimos 12 meses (certificado do IRPF, nóminas, prestacións doutras administracións, pensións compensatorias, pensión de alimentos, etc.)
- 6.—Autorización ós Servizos Sociais do Concello de Baiona para a comprobación de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia e Seguridade Social de tódolos membros da unidade de convivencia maiores de idade.
- 7.—Resolución motivada, no seu caso, doutras Administracións ás que lle solicitaran axuda.
- 8.—As persoas maiores de 16 anos en idade laboral deberán presentar tarxeta de demandante de emprego ou xustificante de cursar estudos oficiais.
- 9.—No caso de que formen parte da unidade de convivencia menores de 18 anos, certificación emitida polos centros educativos nos que estean matriculados, indicando o número de faltas de asistencia sen xustificar.
- 10.—Vida laboral actualizada dos maiores de 16 anos, agás que xustifiquen cursar estudos oficiais.
- 11.—Contrato de aluguer e recibo mensual do aluguer ou hipoteca.
- 12.—Orzamento dos gastos para os que se solicite axuda: débedas do aluguer ou hipoteca da vivenda, débedas nos pagamentos de recibos con aviso de corte do subministro, farmacia, desprazamentos, óptica, odontólogo, produtos de apoio, electrodomésticos básicos, etc.
- 13.—Extracto bancario dos movementos bancarios dos últimos 12 meses da totalidade das contas bancarias de tódolos convivintes.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

14.—Certificación bancaria da persoa solicitante onde indique que se lle ingrese a axuda solicitada, no caso de ser a perceptora directa da mesma.

15.—Declaración xurada de non percibir axuda polo mesmo concepto, ou no caso de percibila, achega da documentación xustificativa onde indique a contía percibida (Anexo I).

A documentación que xa conste actualizada no departamento de servizos sociais, non deberán presentala.

Dende os Departamentos de Servizos Sociais e Intervención consultarase o Padrón municipal para comprobar a convivencia efectiva no mesmo dos membros da unidade de convivencia. Asemade realizaranse as xestións oportunas dende o Concello para comprobar que ningún convivinte figura no Catastro como titular de bens inmobles, ou no caso de que si figuren, que a suma dos valores catastrais de tódolos convivintes, non sexa superior a 50.000 euros, tanto por bens inmobles urbanos ou rústicos, de acordo co establecido no artigo 8.g.

## *ARTIGO 12. INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES*

12.1. Os Servizos Sociais Comunitarios recibirán as solicitudes e farán a súa valoración técnica comprobando que estea acompañada da documentación necesaria. En caso de non ter sido presentada, dende o departamento requirirase para que a presente no prazo máximo de 10 días, de conformidade co establecido no Artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se transcorrido este prazo a persoa interesada non achega a documentación requirida procederase á desestimación da axuda e ó arquivo do expediente.

12.2. O departamento de Servizos Sociais poderá efectuar as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos achegados polas persoas interesadas, sempre que o estime necesario. Igualmente, poderá requirir a estas as aclaracións por escrito e outra documentación que considere precisa para poder resolver o expediente.

12.3. Unha vez que se complete o expediente, emitirase o correspondente informe social ou informe sociofamiliar no que se acredite a necesidade e/ou urxencia da axuda solicitada e a proposta favorable ou desfavorable.

12.4. Despois de ser emitido o informe, a persoa coordinadora dos Servizos Sociais elaborará a oportuna proposta sobre a procedencia de conceder ou denegar a axuda solicitada. No caso de ausencia da persoa coordinadora, elaborará e asinará a proposta o equipo técnico restante, da mesma maneira que nos casos de solicitudes que presenten condicións excepcionais que requiran valoración conxunta.

Esta proposta será efectiva unha vez que a Intervención Municipal elabore o informe favorable certificando a existencia de crédito e a súa fiscalización.

12.5. En cada reunión mensual do equipo técnico de Servizos Sociais darase conta e trataranse os casos que dentro desta ordenanza se resolvan nese mes.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

12.6. O pago da axuda poderá realizarse na figura da persoa solicitante ou ben da persoa ou entidade prestadora do servizo. Neste último caso realizarase mediante a formalización da delegación de pagamento. En todo caso quedará ó criterio do profesional de referencia dependendo da tipoloxía da axuda.

#### *ARTIGO 13. PRESENTACIÓN DE NOVA SOLICITUDE*

Non se poderá conceder máis dunha axuda económica por unidade de convivencia e por exercicio económico, agás que o equipo técnico dos Servizos Sociais valore que as circunstancias sexan de tal gravidade que xustifiquen unha nova concesión antes do transcurso do prazo establecido, en cuxo caso será necesario iniciar outro expediente.

#### *ARTIGO 14. RESOLUCIÓN*

14.1. A resolución do procedemento corresponderá á Alcaldía ou, no seu defecto, ó Órgano no que delegue.

14.2. A axuda concederase sempre en función dos créditos dispoñibles neste Concello e, sen que en ningún caso, poidan superarse as contías máximas establecidas para cada un dos supostos específicos previstos na presente Ordenanza.

Transcorridos tres meses a partir do día seguinte ó que remate o prazo de presentación da solicitude sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

### *TÍTULO V. XESTIÓN ORZAMENTARIA E XUSTIFICACIÓN*

#### *ARTIGO 15. FORMA DO ABOAMENTO*

Os servizos económicos municipais realizarán, polos medios que en cada caso sexan operativos, o seu pagamento e fiscalización. Segundo a valoración profesional do persoal técnico dos servizos sociais, o pago da axuda se poderá facer directamente no número de conta da empresa/comercio onde se adquira o produto solicitado, mediante un pago delegado, no que constará o número de conta do establecemento.

#### *ARTIGO 16. ABOAMENTO DA AXUDA*

16.1. A contía, finalidade e forma de pagamento das axudas concedidas serán as que se determinen na Resolución.

16.2. Cando varíen as circunstancias que motivaron a solicitude, pero persista a necesidade da axuda, e por motivos extraordinarios valorados previamente polo profesional de referencia, poderase modificar a finalidade da prestación.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

**ARTIGO 17. XUSTIFICACIÓN DO GASTO**

Como norma xeral, e en virtude desta ordenanza, deberá xustificarse sempre todo o gasto executado dentro do prazo dun mes dende o seu pagamento polos servizos económicos do Concello. Para as solicitudes presentadas no mes de novembro, o prazo máximo de xustificación finalizará o 15 de decembro do ano en curso.

Unha vez recibidos os fondos, os beneficiarios, presentarán no Rexistro de entrada do Concello, a documentación xustificativa: facturas orixinais ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da axuda concedida, documentos nos que se poña de relevo que os gastos que figuran nesa factura se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.

Nas citadas facturas deberá figurar “pagado” e o selo do establecemento correspondente.

Non se admitirán unicamente tickets de supermercado, deberá presentarse obrigatoriamente factura do establecemento polo importe da compra, acompañada do ticket no que figure detallado o importe e conceptos da compra.

No caso de gastos de alimentación e/ou gastos de hixiene e limpeza non se admitirán tickets e/ou facturas de importe inferior a 15 €. Este mesmo criterio, se aplicará, preferentemente, nos casos de axudas para farmacia.

No caso de gastos de subministro de enerxía ou gas, a factura deberá vir a nome do beneficiario da axuda. Si se trata dun inmovible de aluguer e figura a nome do propietario da vivenda, deberá acompañarse do contrato de arrendamento. As devanditas facturas deberán vir acompañadas do xustificante de pagamento, xa sexa por transferencia bancaria, ingreso en conta ou xiro postal onde figure como pagador o beneficiario da axuda.

O pagamento de facturas por importe superior a 100 € debe realizarse, necesariamente, a través de transferencia bancaria ou tarxeta bancaria. Non poderá admitirse que nunha factura de importe superior a 100 €, sexan fraccionados os pagos, co gallo de eludir este requisito. Poderán quedar exentos deste modo de pago os gastos referidos a alimentación, hixiene e limpeza.

A documentación xustificativa será supervisada pola profesional de referencia.

O Concello a través do Departamento de Servizos Sociais, poderá proceder a cantas revisións periódicas estime oportunas para comprobar se se manteñen as causas que motivaron a concesión de todas as axudas. Para ese efecto, poderá requirir ás persoas beneficiarias das axudas para que comparezan ante esta Administración e presten a súa colaboración.

No caso de que non se fixera a xustificación en tempo e forma, ou que a documentación entregada sexa incorrecta, darase un prazo de 10 días á persoa beneficiaria para achegar os documentos correctos, e de non emendalos revogarase a axuda.



O incumprimento da presentación da documentación xustificativa e a non devolución da cantidade obxecto da axuda, serán condicións excluíntes para poder ser persoa beneficiaria de novas axudas, distintas ou iguais ás solicitadas, durante un prazo de cinco anos.

#### *ARTIGO 18. REINTEGRO SUBVENCIONS NON XUSTIFICADAS*

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas cando a xustificación da subvención non se axuste ó sinalado nas presentes bases, ou ben, non se teña presentado xustificación algunha, previo requirimento por parte do departamento de Servizos Sociais, de conformidade co sinalado no artigo 70 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o cal sinala que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen tela presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá ó beneficiario para que no prazo sinalado no requirimento, a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado comportará a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións e Regulamento de desenvolvemento.

#### *ARTIGO 19. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS*

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas:

1. Comunicar ó Concello tódalas variacións na súa situación socioeconómica e da unidade de convivencia que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
2. Destinar o importe das axudas ás finalidades para as que se outorgaron. Para iso poden estar asesoradas polo persoal técnico do departamento.
- 3.—Presentar ante o Departamento de Servizos Sociais do Concello, no prazo máximo de un mes desde a recepción da axuda, os xustificantes correspondentes ó destino dado á ésta, mediante facturas ou calquera outro documento con valor xustificativo.
- 4.—Permitir e facilitar o labor das persoas profesionais para verificar a súa situación económica e da unidade de convivencia, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- 5.—Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen ós fins para os que se concederon e das prestacións indebidamente percibidas ou en contía indebida.
- 6.—Participar nas accións ou actividades que se valoren tecnicamente de acordo ó diagnóstico social previo e estipulado no itinerario de intervención social ou intervención sociofamiliar.
- 7.—Escolarizar e poñer os medios para garantir a asistencia efectiva ó centro educativo das persoas menores de idade que se encontren ó seu cargo.
- 8.—Non practicar a mendicidade nin permitir ou forzar a súa práctica a outros compoñentes da unidade de convivencia.





Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

9.—Manterse, tanto a persoa beneficiaria das prestacións como as persoas da súa unidade de convivencia que se encontren en idade laboral, dispoñibles para o emprego, agás cando se trate de:

a. Persoas afectadas por unha invalidez absoluta ou persoas en situación de dependencia recoñecida pola administración autonómica.

b. Persoas en situación de elevado risco de exclusión que, a xuízo dos servizos sociais comunitarios e/ou dos dispositivos de emprego, non se encontren en situación de incorporarse ó mercado laboral.

10.—Comunicar ó Concello, os feitos sobrevidos en relación ó cumprimento dos requisitos:

a. Calquera cambio relativo ó domicilio e residencia habitual (empadramento ou residencia efectiva) da persoa beneficiaria, e das persoas da súa unidade de convivencia.

b. Acceso a un emprego ou prestación pública por parte da persoa beneficiaria e das persoas da súa unidade de convivencia.

c. Modificación dos recursos económicos da persoa beneficiaria, e das persoas da súa unidade de convivencia, que servisen de base para o cálculo da prestación.

d. Calquera modificación que afecte á composición da unidade de convivencia independente.

En todo caso, as devanditas comunicacións deberán facerse no prazo máximo de 5 días hábiles, contados a partir do momento en que sucederon os feitos sobrevidos dos que se trate, por calquera medio que permita ter constancia de ditos extremos ó profesional de referencia.

11.—Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponder á persoa beneficiaria ou ás persoas da súa unidade de convivencia.

12.—Comparecer ante o Concello e colaborar con este, someténdose ás actuacións e comprobacións pertinentes, así como facilitar a información necesaria.

#### *ARTIGO 20. CAUSAS DE DENEGACIÓN*

Poderán ser denegadas aquelas solicitudes nas que, malia cumpriren cos requisitos establecidos no presente Regulamento, poidan concorrer algunha das seguintes circunstancias:

a. Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da problemática proposta.

b. Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude.

c. Que no prazo dos 5 anos anteriores á solicitude fora revogada calquera outra axuda ou prestación social por incumprimento das condicións establecidas na súa concesión.

d. Que a axuda solicitada sexa para cubrir débedas derivadas do incumprimento de obrigas tributarias con calquera outra Administración Pública.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

- e. Que a axuda solicitada sexa para cubrir débedas derivadas do incumprimento de obrigas civís mercantís, agás as ocasionadas pola subministración de primeira necesidade e da vivenda.
- f. Que a axuda solicitada sexa para cubrir gastos de asistencia médica ou farmacéutica susceptible de ser prestada na súa totalidade polos servizos públicos de saúde.
- g. Que a axuda solicitada sexa para cubrir gastos derivados do establecemento profesional por conta propia.
- h. Que a axuda solicitada sexa para cubrir gastos derivados de situacións que orixinen demandas cuxa resolución sexa competencia legal doutras Administracións Públicas.
- i. Falecemento da persoa solicitante, salvo que o profesional de referencia valore favorablemente manter a axuda para a unidade de convivencia.
- j. Cambio de residencia e/ou empadramento fóra do Concello de Baiona.
- k. Desaparición das causas e/ou perda dalgún dos requisitos esixidos para a percepción das axudas.
- l. Incumprimento por parte da persoa beneficiaria da prestación económica ou axuda ou se fora o caso, das persoas da súa unidade de convivencia de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que motivaron o seu outorgamento.
- m. Negarse a formalizar ou cumprir os compromisos asumidos no marco do itinerario de intervención social.
- n. Non estar dispoñible para o emprego non permanecendo a persoa inscrita como demandante de emprego ou rexeite ofertas acordadas ó seu perfil sen causa xustificada.
- ñ. Percepción da Renda de Inclusión Social de Galicia ou prestación pública polo mesmo concepto, salvo que sexan complementarias.
- o. A falta de comunicación ó profesional de referencia, no prazo de cinco días, dun cambio nas circunstancias económicas ou na composición da unidade de convivencia, constituirá causa determinante da revogación e conseguinte extinción da axuda e do seu inmediato reintegro, previo requirimento polo órgano competente que, de non ser atendido, promoverá a acción executiva que corresponda, sen prexuízo das actuacións civís, penais ou doutra orde que en cada caso proceda.

#### *ARTIGO 21. REVOGACIÓN DAS AXUDAS*

- a) Falecemento da persoa solicitante (titular da axuda). Non obstante, atendendo ás condicións da unidade de convivencia e á situación económica, poderá acordarse o cambio de titularidade a outro membro da unidade de convivencia, mentres subsistan as causas que propiciaron a concesión.



b) A utilización da axuda para finalidade distinta daquela para a que foi concedida constituirá causa determinante da revogación da axuda e do seu inmediato reintegro, logo do requirimento polo órgano competente.

c) Traslado da residencia da persoa titular a outro municipio, excepto nos casos que o mesmo fora absolutamente necesario, como as mulleres e/ou menores vítimas de violencia de xénero.

d) Renuncia expresa da persoa solicitante.

e) Non cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias establecidas na presente Ordenanza.

f) A falsedade ou ocultamento de calquera dos datos declarados polas persoas solicitantes poderá dar lugar á revogación da axuda, aínda cando reunira os requisitos para a súa concesión.

g) Transcorrido un prazo de tres meses dende que a axuda está disposta para ser aboada, sen que o ingreso se puidera efectuar por causas imputables á persoa interesada.

h) Que non se xustificara debidamente a prestación concedida na forma e no prazo establecido ó efecto, dará lugar á revogación da axuda e extinción e á esixencia do reintegro das cantidades percibidas, no seu caso.

## ARTIGO 22. NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS INTERESADAS

21.1. O texto íntegro da resolución adoptada será notificado ás persoas beneficiarias, no domicilio que, para os efectos de notificacións, figure no expediente, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

21.2. Na notificación que se practique ás persoas beneficiarias da axuda indicaranse, de forma expresa, cales son as condicións que han de cumprir para facer efectivo o cobramento da axuda. Así mesmo, indicáraselle tamén de forma expresa que se no prazo establecido no artigo 17 desta Ordenanza, non cumprira as condicións establecidas, a Corporación Local revogará a axuda.

21.3. A resolución, que será motivada, expresará os recursos que na súa contra se poidan interpor.

## TÍTULO VI. RECURSOS

### ARTIGO 23. RECURSOS

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición, no prazo de 1 mes, ante o órgano que ditou a resolución que se recorre.



Xoves, 23 de maio de 2019

Núm. 97

*TÍTULO VII. RÉXIME XURÍDICO, RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR  
DAS ACHEGAS ECONÓMICAS PREVISTAS NESTA ORDENANZA.*

Estas axudas rexeranse polo establecido nesta ordenanza e polo sinalado na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL*

*Primeira. Medidas excepcionais*

Se a través do informe e criterio do persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios deste Concello se recomendase a inclusión dalgunha medida non prevista na presente ordenanza, co ben de favorecer e previr situacións de exclusión, queda previsto nesta disposición adicional.

Prevese, con carácter de excepcionalidade, que poidan incluírse como persoas beneficiarias as que non cumpran a totalidade dos requisitos ou algún deles, sempre que o criterio do persoal técnico de servizos sociais aconselle esa intervención social.

*Segunda. Derivacións para recollida de alimentos*

A partir da entrada en vigor desta ordenanza, as derivacións que se realicen dende o Departamento de Servizos Sociais deste Concello a entidades de iniciativa social para recollida de alimentos, a falta de convenio propio coa entidade, rexeranse, no ámbito económico, polo recollido no artigo 8 da mesma.

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOPPO e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

ANEXOS. Tódolos anexos destas bases para a solicitude e a xustificación destas subvencións serán facilitados no departamento de servizos sociais, ou ben a través da páxina web de Concello de Baiona: [www.baiona.org](http://www.baiona.org)”

O Alcalde. Ángel Rodal Almuíña

En Baiona, na data sinalada no marxe deste documento, asinado electronicamente

